



Repensar. Cambiar. Actual.

II Conferencia confederal de Juventud

17 y 18 de abril de 2020 | Madrid



INTRODUCCIÓN

Este ano celébrase a II Conferencia de Xuventude na historia de CCOO. Para este sindicato é importante que os mozos e as mozas nos deades a vosa opinión sobre temas que consideramos importantes para o futuro da xuventude, tanto no sindicato como na sociedade, e esta conferencia é o espazo idóneo para debatelos.

Quen pode participar? Como?

Poden participar:

- afiliados e afiliadas que o 1 de decembro de 2019 estivesen ao corrente de pagamento das cotas,
- menores de 31 anos,
- as persoas que formalizasen a inscrición

A inscrición realízase a través do formulario de Google, que se enviará por correo electrónico ás persoas inscritas, introducindo o voso DNI sen letra. A data tope para a inscrición é o 3 de febreiro de 2020. **NON SE ACEPTARÁN INSCRIPCIONES POSTERIORES A ESA DATA**

Nas asembleas que se realizarán nas CCAA, poderanse presentar listas de persoas candidatas. As persoas inscritas asistentes elixirán a candidatura que pasará á asemblea de nivel estatal.

Quen pode formar parte das listas de persoas candidatas?

Para ser candidato/a hai que acreditar unha antigüidade afiliativa mínima de 6 meses antes do 17 de decembro de 2019 e estar ao corrente de pagamento de todas as cotas.

Para presentarte como candidato/a deberás cubrir e asinar o modelo de candidatura que se enviará por correo electrónico, todo isto acompañado da fotocopia do DNI dos diferentes candidatos/as.

As listas de candidatos deberán ter a representatividade de xénero segundo as bases de CCOO.

Cada persoa candidata só poderá presentarse a unha lista xa que, de facelo en máis dunha, dará lugar á baixa en cada unha delas.

A convocatoria enviaráselles ás persoas inscritas 10 días antes da celebración da asemblea na túa comunidade autónoma.

Datas para as distintas asembleas

- Do 10 ao 27 de febreiro: Asembleas xerais nas comunidades autónomas
- 12 de marzo: Conferencia previa da Federación de Sanidade de nivel estatal
- 17 e 18 abril: Conferencia de Xuventude en Madrid

Durante a celebración das asembleas, debateranse as propostas que pretendemos poñer en marcha desde CCOO. Estas propostas aparecen recollidas no documento que encontraredes na páxina web titulado «Jóvenes en pie».

Poderanse facer modificacións a ese documento a través de «emendas»; estas serán defendidas nas asembleas e, posteriormente, sometidas a votación. Serán aceptadas por maioría simple ou co 10 % dos votos das persoas asistentes á asemblea.

As emendas presentaranse a través dun formulario google que se enviará por correo electrónico ás persoas inscritas. Para calquera cuestión, non dubidedes en consultarnos.

ESPERÁMOSVOS!



<https://xurl.es/z5czp>

